

## **Organización de reunións/eventos con empresas e colexios profesionais con presenza da Facultade de Ciencias da Comunicación**

1. En febreiro de 2024 a Facultade acolleu a segunda edición da Xornada de Orientación Laboral. Participaron representantes do Servizo de Orientación Laboral da Xunta de Galicia, do Departamento de bolsas FEUGA, de UNINOVA e da Área de Orientación Laboral da USC.  
[https://twitter.com/facom\\_usc/status/1755879744711602417](https://twitter.com/facom_usc/status/1755879744711602417)
2. En setembro de 2023 foi aprobada a adhesión da Facultade de Ciencias da Comunicación, a través de convenio coa USC, como socio colaborador do Clúster Audiovisual Galego.
3. En xuño de 2023 constituíuse o Comité Consultivo da Facultade de Ciencias da Comunicación. Nace para reforzar as conexións deste centro co tecido empresarial da información e da comunicación en Galicia. Trátase dun órgano contemplado no Sistema de Garantía de Calidade da Universidade e vencellado á política e aos obxectivos de calidade da Facultade. Ademais de estar integrado por representantes da USC e da Facultade, conta con representantes das seguintes entidades e agrupacións do sector: Academia Galega do Audiovisual (AGA), AGAPI, Clúster Audiovisual Galego, Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG), CRTVG, El Correo Gallego, La Voz de Galicia, Radio Galicia-Cadena SER, Sermos Galicia/Nós Diario.  
<https://www.usc.gal/gl/xornal/novas/comite-consultivo-ciencias-comunicacion-reforzara-conexions-centro-tecido-empresarial>
4. En maio de 2023 a Facultade acolleu a primeira edición da Xornada de Orientación Laboral. Participaron representantes do Servizo de Orientación Laboral da Xunta de Galicia, a Área de Orientación Laboral da USC, de UNINOVA, da Asociación de Antigos/as Alumnos/as e Amigos/as da USC, do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG) e da Academia Galega do Audiovisual.  
[https://twitter.com/facom\\_usc/status/1651557255504965632/photo/1](https://twitter.com/facom_usc/status/1651557255504965632/photo/1)
5. E non sei se tamén podería entenderse neste apartado as dúas xornadas de orientación laboral que fixemos nos cursos 2022-2023 e 2023-2024. De todo isto hai evidencias nas redes sociais e coido que na web, agás do tema do Clúster (disto, se precisades, pásovos o acordo ou agradezo que Antía nos indique onde debemos publicalo como evidencia). Se todos estes datos son moi recentes, cara atrás non teño máis información.
6. 2024 IX Edición da bolsa Nacho Mirás para novos titulados: organizada e desenvolvida polo Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia en colaboración coa Facultade de Ciencias da Comunicación (USC) e patrocinada por Abanca; constitúe un recoñecemento do sector profesional ao labor dos nosos egresados no proceso de inserción laboral.

<https://xornalistas.gal/novas-eventos/novas/o-luns-1-de-abril-presentase-a-ix-edicion-da-bolsa-lnacho-mirasr-para-xornalistas-noveis/>

7. Outono 2018. A Facultade de Ciencias da Comunicación, xunto co CGAC, acolle o Festival Kino Galicia. I Maratón Internacional de Creación de Curtas, organizado pola Asociación Audiovisual Galega Kino, de cara a promover a participación do noso alumnado en procesos de creación audiovisual.

<https://www.facebook.com/KinoInGalicia/>

8. Dende 2017 a Facultade de Ciencias da Comunicación da USC participa no Grupo de Traballo creado a instancias do Clúster Audiovisual Galego (Clag), co obxectivo de reforzar a cooperación das institucións universitarias coas empresas do sector audiovisual en Galicia, ademais de nutrir iniciativas empresariais innovadoras cos nosos titulados.

Liñas de actuación:

1. Establecemento dunha vía de comunicación permanente Facultade-Empresa,
2. Definición de novas liñas de produción que se vexan refrendadas pola formación universitaria;
3. Posta en marcha de sesións de *pitching* para que o sector empresarial coñeza os proxectos dos egresados na procura da innovación.

[http://www.clusteraudiovisualgalego.com/2018\\_proyecto\\_detalle.php?id=250](http://www.clusteraudiovisualgalego.com/2018_proyecto_detalle.php?id=250)

<https://www.cineytele.com/2017/05/03/el-clag-promueve-la-coordinacion-con-los-centros-que-imparten-titulaciones-tecnicas/>